



# O Patrimonio da Igrexa Católica en Galicia. Os seus límites fronte ao patrimonio demanial público e comunitario

---

Xoán Antón Pérez Lema<sup>1</sup>

En febreiro deste 2021 o Goberno do Estado deu a coñecer a listaxe dos máis de 30.000 bens inmóbeis inmatriculados nos Rexistros da Propiedade de todo o territorio español entre 1998 e 2015 a medio dunha simple certificación eclesiástica e sen ningunha caste de título de dominio (compravenda, permuta, doazón, legado, herdanza, compravenda de terreo e ulterior obra nova construída, etc.).

Pertencen realmente estes bens ao patrimonio eclesiástico ou pertencen ao patrimonio público por mor do seu destino ao uso público do culto ou do soterramento dos veciños, no caso dos cemiterios? No caso de Galicia, onde existiu dende tempo inmemorial unha propiedade colectiva veciñal sobre montes e bens inmóbeis de uso xeral, pertencen as igrexas parroquiais construídas de vello, os seus cemiterios e os seus adros e contornas á Igrexa Católica ou aos veciños, cumpríndolle á Igrexa o seu uso e desfrute?

Indubidabelmente é un tema de grande actualidade sobre o que aínda se vai escribir moito máis nos vindeiros tempos. Tentaremos, xa que logo, botar algo de luz sobre esta cuestión dende argumentos xurídicos e históricos.

---

<sup>1</sup> Xoán Antón Pérez Lema é licenciado en Dereito pola U. Pontificia Comillas ICAI-ICAIDE. Foi xefe de gabinete da Consellaría da Presidencia e Administración Pública da Xunta entre 1987 e 1990 e profesor na Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados da Coruña e na Facultade de Ciencias Sociais da U. de Vigo. Actualmente imparte docencia no programa de asesoría xurídica de empresa do Instituto de Finanzas e Formación Empresarial (IFFE) e dirixe un despacho de Avogados na Coruña.